

CONTA DE LIBROS

João da Nova, historia dun navegante galego

O investigador Santiago Prol reconstrúe nunha pormenorizada biografía a historia dun filllo ilustre de Maceda, o navegante João da Nova quen, ao servicio da coroa portuguesa, fai algunha das máis importantes navegacións dos descubrimentos. A el se deben os primeiros fitos europeos en Santa Helena e Ascensión, e a chegada da monarquía lusa á actual illa de Sri Lanka. A investigación de Prol esgota todas as fontes coñecidas e a narración é un relato que nos leva ao século XVI, época de consolidación dos grandes imperios ibéricos ultramarinos. ♦

